

**PLAN
DE
FORMACIÓN PERMANENTE
DO
PROFESORADO
DO
I.E.S. "XUNQUEIRA I"**

(BIENIO 2012-2014)

1 MEMBROS DO EQUIPO DE FORMACIÓN

	Apelidos, nome	N.I.F.	e-correo	Sinatura
Director/a ou persoa que designe	Varela Salgado, Dolores	35248134J	dvarela@edu.xunta.es	
Coordinador do programa	Venancio Piñeiro Iglesias	35313821N	venancio@edu.xunta.es	
Coordinador do itinerario 1	M ^a del Mar Martín Saracho	35551283E	mmartin@edu.xunta.es	
Coordinador do itinerario 2	Luis A. Rascado Iglesias	35291184F	rascado@edu.xunta.es	

2 XUSTIFICACIÓN

2.1 Diagnóstico da situación do centro

Ao facermos o diagnóstico da situación do I.E.S. "Xunqueira I", da cidade de Pontevedra, utilizamos a información aportada pola avaliación de diagnóstico, as sesións de avaliación de cada grupo, as reunións da orientadora cos titores e titoras, as demandas do profesorado manifestadas diante da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Claustro, os partes de falta de orde e os expedientes de expulsión que obran en poder da Xefatura de Estudos, os partes de incidencias da aula de convivencia, o seguimento do Observatorio de Convivencia do centro, as conclusións do grupo de traballo que funcionou este curso sobre convivencia e unha enquisa sobre as necesidades de formación en TICs realizada ao profesorado polo coordinador da área.

Entre as carencias e necesidades, detectamos como prioritaria a mellora da convivencia e do clima de aula. Sen termos un centro especialmente conflitivo, observamos que cada ano aumenta o número e cualidade das condutas disruptivas dentro da clase e no recinto escolar; que hai algúns discentes que pasan sistematicamente pola aula de convivencia; que o profesorado se sente impotente diante de determinadas actitudes e condutas de alumnado concreto que impide o normal funcionamento da clase e que as medidas tradicionais de resolución de conflitos xa non resultan funcionais. Por outra banda, vemos que o alumnado non coñece coa suficiente claridade as Normas de Organización e Funcionamento; nin as condutas concretas que son obxecto de sanción ni o alcance destas; ademais, aproveítanse da falta de criterio obxectivo que deixa ao arbitrio de cada docente a consideración do reforzo negativo ou do castigo da conduta.

Relacionado co aspecto anterior, observamos o interese do alumnado no manexo das TICs para a aprendizaxe. Decatámonos de que o seu uso na aula, ademais de mellorar os resultados na formación, pode aumentar a motivación dos discentes e, polo tanto, converterse nunha fonte de mellora da convivencia dentro da clase. Somos conscientes de que nalgúns casos teñen eles e elas máis preparación que nós para utilizalas, e mesmo vémonos na necesidade de pedir-lles a súa axuda para manexar as TICs dentro da aula.

O equipo docente deste centro ten unha traxectoria de varios anos, máis de dez, en formación permanente no propio instituto respecto de ámbalas liñas supradictas: desde os grupos de traballo sobre igualdade de xénero ou sobre educación afectivo-sexual ata o deste mesmo curso, de análise da convivencia, pasando polos relativos ás TICs. O proxecto que agora presentamos pretende continuar as liñas formativas demandadas polo profesorado, dalgún xeito xa iniciadas no centro: a mellora da convivencia escolar entre iguais e do clima de aula e a integración das TICs na didáctica e o traballo cooperativo en rede a través dos espazos virtuais.

2.2 Necesidades formativas detectadas

Entre as necesidades formativas que atopamos, unhas responden a competencias comúns a todo o profesorado, ben polo seu carácter transversal, como as competencias en xestión de condutas disruptivas, ben porque responden ao uso de recursos técnicos e didácticos comúns; outras poden considerarse máis específicas, como as referentes ás competencias de negociación das normas de conduta de cada grupo dentro da aula, que, mesmo que atinxen a todos os e as docentes do grupo, implican máis polo miúdo a determinados postos, en especial aos titores e titoras, á Xefatura de Estudos e ao Departamento de Orientación.

Son competencias comúns a desenvolver:

- Xestión de grupos de alumnado:
 - Ensino na convivencia e na disciplina.
 - Aplicación das habilidades sociais na comunicación.
 - Motivación do alumnado para a aprendizaxe.
 - Organización e xestión de grupos difíciles e desmotivados.
 - Atención personalizada.
 - Transmisión de valores básicos para o desenvolvemento persoal e a convivencia.
 - Detección do acoso escolar e da violencia de xénero.
-
- Utilizar as TICs:
 - Uso avanzado da ofimática.
 - Manexo de internet e o correo electrónico.
 - Uso de software para a didáctica das áreas.
 - Creación de recursos informáticos.
 - Xestión de redes informáticas.

É competencia máis específica dos titores e titoras, de Orientación e da Xefatura de Estudos concretar as Normas de Organización e Funcionamento e as sancións das faltas.

2.3 Liñas de formación

- a. Mellora da convivencia escolar e do clima da aula, fomentando valores básicos para o desenvolvemento persoal e as relacións sociais.
- b. Integración das TICs na didáctica e no traballo cooperativo en rede a través de espazos virtuais.

3. OBXECTIVOS

- a. Mellorar o clima de convivencia no centro.
- b. Mellorar a competencia do profesorado en relacións ao uso das TICs na aula.

4. ITINERARIOS FORMATIVOS

4.1 Aprendendo a resolver conflitos a través da comunicación

A. Obxectivos

- a. Coñecer e aplicar a normativa sobre convivencia.
- b. Desenvolver técnicas de comunicación.
- c. Expresar emocións.
- d. Detectar e manexar as habilidades sociais necesarias para unha convivencia pacífica.
- e. Coñecer as causas e o mapa dos conflitos.
- f. Coñecer que é e en que consiste a mediación. As súas vantaxes.
- g. Formar persoas mediadoras no eido escolar.

B. Contidos formativos

- Coñecemento dos contidos do NOF
- Estudo reflexivo dos dereitos e deberes do profesorado.
- Principios que rixen a aplicación das normas de organización e funcionamento do centro.
- Concreción de condutas contrarias á convivencia do centro e das sancións correspondentes.
- Análise das fortalezas e debilidades de cada un, das oportunidades e riscos.
- Funcionalidade e mapa do conflito.
- Principais temas de conflito.
- As trampas da comunicación: comunicación analóxica e dixital; “predícame, frade...”, “fai o que digo, pero non o que fago”; as loitas de poder...

- Programa de habilidades sociais: as etiquetas, o manexo de críticas, os mensaxes “Eu”, o sentido do humor, comunicación asertiva, gañar-gañar...
- Desenvolvemento de técnicas de comunicación: escoita activa, devolución de sentimentos, parafraseo...
- Como transmitir valores básicos para o desenvolvemento persoal e a convivencia.
- Que é a mediación. Diferencia con outros tipos de resolución de conflitos. Vantaxes e desvantaxes. Principios.
- Habilidades e técnicas de mediación.
- Aplicación da mediación ao eido escolar. Formación de persoas mediadoras.

C. Actividades

Modalidade	Nº de curso, título e temporalización	Secuenciación	Metodoloxía	Orzamento
Seminario	4.1.1. <i>Definición de condutas contrarias á convivencia según as NOF</i> (1º ano: 15 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 2 h • Traballo en grupo e elaboración de propostas didácticas: 7 h • Aplicación á aula: 4 h • Avaliación de resultados: 2 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, moi práctica e participativa. • Fase non presencial de traballo na aula. 	Material funxible e bibliográfico: 200 € Docencia: 0 € Desprazamento: 0 €
Curso	4.1.2. <i>Desenvolvemento de estratexias para a xestión de conflitos na aula</i> (1º ano: 30 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización: 3 h • Información e formación: 9 h • Posta en práctica en grupo : 9 h • Aplicación á aula: 6 h • Avaliación de resultados: 3 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia externa, moi práctica e participativa. • Fase non presencial de traballo na aula. 	Docencia externa (24 h): 1440 € Material funxible e bibliográfico: 360 € Desprazamento: 1000€
Curso	4.1.3. <i>Formación en mediación escolar e creación do Servizo de Mediación do Centro</i> (2º ano: 40 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización: 3 h • Información e formación: 12 h • Posta en práctica en grupo (“role-play”): 10 h • Elaboración de recursos de Mediación para o centro: 12 h • Avaliación de resultados: 3 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia externa, moi práctica e participativa. • Fase no presencial de traballo na aula. 	Docencia externa (25 h): 1500 € Material funxible e bibliográfico: 500 € Desprazamento: 1000 €

4.2 Desenvolvendo as nosas competencias dixitais

A. **Obxectivos**

- a. Motivar ao uso das novas tecnoloxías como medio de desenvolvemento da autonomía persoal e do noso alumnado.
- b. Formar ao profesorado como usuario dos programas máis utilizados en Ofimática.
- c. Capacitar para a utilización de Internet como recurso didáctico no currículo da súa área.
- d. Usar software específico para a didáctica das áreas do currículo.
- e. Dotar de ferramentas para a creación de recursos didácticos.
- f. Aprender o manexo das aplicacións multimedia máis útis.
- g. Aprender o manexo de ordenadores en rede

B. **Contidos formativos**

- Manexo de follas de cálculo, bases de datos, presentacións power point, programas de deseño gráfico, traballos con imaxes...
- Uso da plataforma Moodle: elaboración de leccións ou cursos.
- Uso de Google Apps: as funcionalidades do dominio no instituto.

C. **Actividades**

Modalidade	Nº de curso, título e temporalización	Secuenciación	Metodoloxía	Orzamento
Curso	4.2.1 <i>Informática avanzada</i> Informática Avanzada. Manexo de redes informáticas (1º Ano: 15 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 14 h • Avaliación de resultados: 1 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia moi práctica e participativa. 	Docencia (14 h): 540 € Material funxible e bibliográfico: 60 €
Curso	4.2.2. <i>Dominio Google Apps</i> (1º ano: 30 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 29 h • Avaliación de resultados: 1 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia, moi práctica e participativa. 	Docencia externa (29 h): 1000 € Material funxible e bibliográfico: 200 €
Seminario	4.2.3. Aplicación Didáctica do <i>Dominio Google Apps</i> (2º ano: 35 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 10 h • Elaboración de propostas didácticas: 19 h • Aplicación á aula: 5 h • Avaliación de resultados: 1 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia, moi práctica e participativa. • Fase non presencial de traballo na aula. 	Docencia (10 h): 400 € Material funxible e bibliográfico: 1100 €
Curso	4.2.4. <i>Plataforma Moodle</i> (1º ano: 30 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 9 h • Avaliación de resultados: 1 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia, moi práctica e participativa. • Fase non presencial de traballo na aula. 	Docencia externa (29 h): 1000 € Material funxible e bibliográfico: 200 €
Seminario	4.2.5. Aplicación Didáctica da <i>Plataforma Moodle</i> (2º ano; 35 h)	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilización, información e formación: 10 h • Elaboración de propostas didácticas: 19 h • Aplicación á aula: 5 h • Avaliación de resultados: 1 h 	<ul style="list-style-type: none"> • Fase presencial, con docencia, moi práctica e participativa. • Fase non presencial de traballo na aula 	Docencia (10 h): 400 € Material funxible e bibliográfico: 1100 €

4.3 PARTICIPANTES

	Apellidos, nome	NIF	e-correo	Nº curso	Sinatura
1	Varela Salgado, Dolores	35248134J	dvarela@edu.xunta.es	4.1. 4.2.2.	
2	Rascado Iglesias, Luis Alberto	35291184F	rascado@edu.xunta.es	4.2.	
3	Neira Rodríguez, Arturo	35254407F	Arturo1957@edu.xunta.es	4.1. 4.2.2.	
4	Herrero Sinovas, Belén	09291601S	sinovas@edu.xunta.es	4.1. 4.2.2.	
5	Hermida Rivas, Benito	35249440P	bieitohr@edu.xunta.es	4.2.	
6	Quireza Ramos, M ^a del Carmen	33256188M	mcquirezar@edu.xunta.es	4.2.1. 4.2.2.	
7	Aguado Madrigal, Carmina	35247738P	cmadrigal@edu.xunta.es	4.1.	
8	Ferro Dios, Elena M ^a	35446346B	eferrodios@edu.xunta.es	4.1.1 4.1.2 4.2.1.	
9	García González, Flora	34247064H	fggonzalez@edu.xunta.es	4.2.	
10	Iglesia Cabaneiro, M ^a Gloria	33304676D	g.i.cabaneiro@edu.xunta.es	4.1.	
11	Piay Durán, Rafael Javier	35251413A	rpiay@edu.xunta.es	4.2.	
12	Fernández Torrado, M ^a José	35277210V	mjft@edu.xunta.es	4.2.	
13	Rodríguez Fernández, M ^a José	34940913A	maria@edu.xunta.es	4.1	
14	Sánchez González, M ^a Luisa	10886817C	luisasanchez@edu.xunta.es	4.2.	
15	Rozados Fernández, Manuel	35288054M	mrozados@edu.xunta.es	4.1. 4.2.1.	
16	Justo Acevedo, José Manuel	35297173Q	justoacevedo@edu.xunta.es	4.2.	
17	Ramos González, José Manuel	35259458K	ramos@edu.xunta.es	4.1	

18	Martín Saracho, M ^a del Mar	35551283E	mmartin@edu.xunta.es	4.1. 4.2.2.	
19	Fuertes Besada, Ana M ^a	35286973M	fuertesbesadana@edu.xunta.es	4.2.3.	
20	Piñeiro Iglesias, Venancio	35313821N	venancio@edu.xunta.es	4.1 4.2.3	
21	Seoane Ares, Luis	32447802T	luispbp@edu.xunta.es	4.1.1 4.1.2 4.2.1	
22	Rodríguez Moldes, Rosa M ^a	35245955L	rmoldes@edu.xunta.es	4.1.	
23	Pierres Duarte-Ferreira, M ^a Inmaculada	52490309P	mpierres@edu.xunta.es	4.1.	
24	Félix Chamosa, M ^a Paz	35296032W	m.pazfelix@edu.xunta.es	4.1.	
25	Alonso Rodríguez, Clara	34957649H	claralonso@edu.xunta.es	4.1.2. 4.2.1.	
26	Fernández Riádigos, César	35309572H	cfriadigos@edu.xunta.es	4.2.	
27	Vallejo Palacios ,César	12743013R	cesarvp@edu.xunta.es	4.2.2	
28	Picher Núñez, Teresa	33207872N	picher@edu.xunta.es	4.1	
29	Candelero Landeira, Eva María	33299638P	evacande@edu.xunta.es	4.1.2 4.2.3	
30			@edu.xunta.es		
31			@edu.xunta.es		

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS INTERNAS PARA FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE FORMACIÓN

O proxecto realizarase en horas non lectivas, polo que non será preciso facer grandes cambios na organización interna. Contemplanse a posibilidade de facilitar nos horarios do profesorado coordinador unha hora en común coa Dirección do Centro adicada ao intercambio de comunicacións e a coordinación e seguimento do plan.

Na hora de asignar aos titores de cada grupo, tentarase de colocar alomenos a algúns dos participantes no Proxecto en titorías que faciliten a súa aplicación e desenvolvemento.

Cara ao final do bienio crearase un espazo para o Servicio de Mediación do centro. Habilitarase un corcho para a pegada da propaganda do Servicio, que poderase incluír, igualmente, nos calendarios escolares. E tratará de coordinarse ao equipo de profesores do Servicio co que atenda a aula de convivencia.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Crterios	Indicador	Temporalización
Cumprimento dos obxectivos	Porcentaxe de profesorado e alumnado que utilizan as TICs. Mellora do clima de relacións na aula, avaliado na frecuencia da asistencia dos alumnos á aula de convivencia.	Farase unha avaliación anual. Ó final do proxecto farase unha avaliación global.
Aproveitamento da formación	Nivel de autonomía na elaboración de materiais para a aula. Capacidade de proporcionar recursos para a resolución de conflitos. Ámbolos recursos, avaliado por un cuestionario de aplicación ao profesorado.	Anualmente. Ó final do proxecto farase unha avaliación global.
Desenvolvemento das competencias profesionais	Mellora na comunicación entre profesorado e alumnado, avaliado por un cuestionario de aplicación ao profesorado e, de considerarse oportuno, aos discentes. Mellora do uso das TICs avaliado a través do número de actividades realizadas nas plataformas.	Anualmente. Ó final do proxecto farase unha avaliación global.
Implicación do profesorado	A frecuencia de resposta dos formularios por parte dos profesores.	Anualmente. Ó final do proxecto farase unha avaliación

		global.
Coordinación entre o equipo interno e externo	Seguimento das actividades nos informes do asesor e do inspector. Análise e valoración de resultados na reunión entre os equipos interno e externo.	Anualmente. Ó final do proxecto farase unha avaliación global.
Aplicación da formación na aula	Aplicación dun formulario despois da aplicación das propostas na aula (dificultades, como lles foi, melloras a realizar...). Número de actividades realizadas nas plataformas.	Anualmente. Ó final do proxecto farase unha avaliación global.
Impacto na aula	Diminución das condutas disruptivas na aula a través das avaliacións recollidas do Observatorio de Convivencia do Centro, da Xunta de Avaliación, das reunións do Departamento de Orientación cos titores e do grupo de profesores que participan no curso. Aumento do emprego das TICs na aula a través dun cuestionario pasado ao alumnado.	Farase unha avaliación trimestralmente. Farase unah avaliación global ao final do primeiro ano e outra ao final do bienio.
Expectativas de continuidade	Porcentaxe de disposición dos participantes a continuar coa formación nun proxecto posterior.	Avaliarase ao final de cada curso.
Grao de satisfacción do equipo interno co traballo realizado	Número de consultas e suxestións para mellorar na marcha do proxecto.	Ó final do primeiro curso e do proxecto faranse sendas avaliacións globais.

En Pontevedra, a 27 de xuño de 2012

Dolores E. Varela Salgado
Directora